FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

ACTA Nº 2026/2
SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, xoves 5 de febreiro de 2026 -

No día da data, ás 12:01 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:
FRANCISCO XABIER CASTRO TOURÍS

ASISTEN:
PSdeG-PSOE
RAMON ABUÍN GÓMEZ
M. TERESA BATALLA ROMERO

BNG
XOAN BAUTISTA MARIÑO ABUÍN

PP
ANGEL JAMARDO REY
M. SOLEDAD BOGA GRELA

Unidade Veciñal de Dodro
REBECA RIAL DIZ
XOAN XOSE VICENTE FRANCO

Xente de Dodro
SERGIO JOSE BOGA GOMEZ
VALENTIN ALFONSIN SOMOZA

AUSENCIAS:
Xente de Dodro
LUCIA YESICA VECINO RODRIGUEZ

SECRETARIA-INTERVENTORA:
SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO, APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 06/02/2025 NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS 2025
2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS 2026
3. ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

PROPOSTAS ORDINARIAS

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bos días a todos. Son as doce e un minuto. Vamos a empezar co pleno extraordinario de hoxe cos seguintes puntos da orde do día."*

1. APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO, APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 06/02/2025 NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS 2025

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2025/U039/000001 (relacionado cos expedientes 2025/A008/000008 – 2025/A008/0000004)
ASUNTO: CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO, APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 06/02/2025 NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS 2025"

Logo de ver as bases reguladoras do "Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025" (Boletín Oficial da Provincia número 233, do 3 de decembro de 2024).

O Pleno do Concello de Dodro, na sesión realizada o día 06/02/2025, adoptou o seguinte acordo:

*"1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2025"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2025" e con cargo á "achega provincial 2024":*

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2025:

	Deputación
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*35.021,86*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	*83.268,08*
Subtotal gasto corrente	*118.289,94*

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2025	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
REHABILITACIÓN DO CENTRO DE ARTES ESCÉNICAS DE DODRO	*125.909,90*	*-*	*-*	*-*	*125.909,90*
Subtotal investimentos achega provincial 2025	*125.909,90*	*-*	*-*	*-*	*125.909,90*

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***				
		Concello			
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Achega municipal***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	***Orzamento total***
CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO	*72.930,39*	*-*	*-*	*-*	*72.930,39*
Subtotal investimentos achega	*72.930,39*	*-*	*-*	*-*	*72.930,39*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

provincial 2024					

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

			Concello			
POS+ 2025 RESUMO DE FINANCIAMENTO		***Deputación***	***Concello***	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total concello***	***Orzamento Total***
A- GASTOS CORRENTES	***Achega 2025***	*35.021,86*				*35.021,86*
	Achega 2024	*83.268,08*				*83.268,08*
B- INVESTIMENTOS	***Achega 2025***	*125.909,90*	-	-	-	*125.909,90*
	Achega 2024	*72.930,39*	-	-	-	*72.930,39*
D- TOTAL	***Achega 2025***	*160.931,76*	-	-	-	*160.931,76*
	Achega 2024	*156.198,47*	-	-	-	*156.198,47*
	TOTAL	*317.130,23*	-	-	-	*317.130,23*

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2025 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles ***(mínimo do 25% da achega provincia 2025)***	***(A) Orzamento de contrata***	***(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de***	***(C= A-B) Orzamento subvencionable (Diferencia entre a columna A e B)***

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

		abasteceme nto auga potable con IVE deducible)	
PISTA A VALO DO MANSELLE E OUTRO	*37.761,03*	*-*	*37.761,03*
CAMIÑOS EN EIRÓ E OUTRO	*55.551,04*	*-*	*55.551,04*
MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA ENTRE A ESCOLA ABUÍN DE TEMBRA Á IGREXA DE SAN XOAN DE LAÍÑO	*78.266,44*	*-*	*78.266,44*
TOTAIS	*171.578,51*	*-*	*171.578,51*

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2025 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

O investimento do Concello de Dodro denominado *"CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO"*, cun orzamento de 72.930,39 €, incluído o POS 2025 por acordo do pleno do Concello de Dodro do 04/02/2025, foi aprobado polo Pleno da Deputación da Coruña na sesión ordinaria realizada o 30/05/2025, onde quedou condicionado a súa aprobación definitiva ao cumprimento das condicións suspensivas que se indican: autorización de Patrimonio Cultural da Xunta.

Logo de ver a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 27/02/2025 (Expediente nº: XTC-2025-0253.AUI), notificada o 28/02/2025 ao Concello de Dodro (núm. RE 202500000000353), non autorizando obras solicitadas en

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Pexegueiro, debendo corrixir e completar a proposta achegada tendo en conta as observacións realizadas no informe dos servizos técnicos recollidas no apartado 2 dos antecedentes da resolución. Autorizar as obras solicitadas en Teaio.

Logo de ver o informe técnico, emitido o 12/05/2025 por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos e técnico redactor do proxecto, que literalmente se transcribe:

> *"CONCELLO: DODRO*
> *PLAN: PLAN ÚNICO DE CONCELLOS "POS+ 2025"*
> *PROXECTO: CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO*
> *TÉCNICO: PABLO BLANCO FERREIRO, Enxeñeiro de Camiños, C. e P.*
> *PRESUPOSTO TOTAL: 72.930,39 €*
>
> ---
>
> *En relación co proxecto de referencia e o técnico que subscribe informa que:*
>
> *En xaneiro de 2025 redactase o proxecto de "Camiño acceso pola cruz de Avelán e outro" cun presuposto Base Licitación mais IVE de 72.930,39 €.*
>
> *Dado que as obras contempladas no presuposto parcial nº 2 "Acceso norte a Pexegueiro", consistentes na reparación do pavimento asfáltico cun firme similar o existente, afectan aos contornos de protección de diversos elementos catalogados por Patrimonio Cultural, foi preciso solicitar autorización a este Organismo para poder continuar coa tramitación do proxecto.*
>
> *En febreiro de 2025 o servizo de patrimonio cultural emite un informe desfavorable, código expediente: XTC-2025-0253.AUI, onde non considera admisible o uso de pavimentos asfálticos, debendo realizar a actuación en formigón, preferentemente lavado ou desactivado.*
>
> *Este cambio de pavimento supón un aumento do presuposto no proxecto de 10.662,84 €, resultando o importe total do proxecto en Base Licitación mais IVE de 83.553,23 €.*
>
> *Para que conste ós efectos oportunos, asino o presente informe en Dodro a doce de maio de dous mil vinte e cinco.*
>
> *Dodro, 12 de maio de 2025*
> *O AUTOR DO PROXECTO*
> *Asdo. Pablo Blanco Ferreiro"*

Considerando que a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural implica a redacción dun proxecto modificado, cun incremento no orzamento por importe aproximado de 10.662,84 €, que tería que asumir o Concello de Dodro.

Considerando que a Base 8 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, relativa á EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS, indica:

"(...)Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na citada Lei 9/2017, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá dárselle audiencia ao contratista adxudicatario e realizarse os demais trámites legalmente previstos, debendo achegarse o informe favorable da Secretaría municipal. Se o proxecto modificado experimenta un incremento do seu orzamento, deberá asumilo integramente o concello e achegar un informe favorable da Intervención do concello".

En consecuencia, foi redactado o proxecto modificado de: *"CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO"*, con rexistro de entrada no Concello de Dodro o 11/07/2025 e núm. 202599900000653, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos de Estudio Técnico Gallego SA, cun orzamento de 72.930,39 € (IVE incluído), asinado o 10/07/2025.

Logo de ver o informe técnico, emitido o 10/07/2025 por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos e técnico redactor do proxecto, que literalmente se transcribe:

> *"OBRA: PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO*
>
> *PLAN: ÚNICO DE CONCELLOS "POS+ 2025"*
> *CONCELLO: DODRO AUTOR PROXECTO:*
> *PABLO BLANCO FERREIRO, Enxeñeiro de Camiños, C. e P.*
> *PRESUPOSTO TOTAL: 72.930,39 €*
>
> *O técnico que subscribe, autor do proxecto de referencia, informa que o proxecto primitivo contemplaba dúas actuacións diferenciadas e que se corresponden con dous presupostos parciais.*
>
> *Dado que as obras contempladas no presuposto parcial nº 2 "Acceso norte a Pexegueiro", consistentes na reparación do pavimento asfáltico cun firme similar o existente, afectan aos contornos de protección de diversos elementos catalogados por Patrimonio Cultural, foi preciso solicitar autorización a este Organismo para poder continuar coa tramitación do proxecto.*
>
> *En febreiro de 2025 o servizo de patrimonio cultural emite un informe desfavorable, código expediente: XTC2025-0253.AUI, onde non se autorizan as obras de dito parcial.*
>
> *Co obxecto de adaptar a resolución indicada por Patrimonio en relación ó proxecto, a xuízo do técnico que subscribe procede a redacción dun Proxecto Modificado. Neste proxecto non se actuara na zona non*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

autorizada e realizarase unha pavimentación en outro emprazamento.

O resto dos presupostos parciais contemplados no proxecto inicial, así como o Presuposto Total permanecen invariables.

Cóntase cos terreos necesarios postos a disposición polo Concello para a execución das obras contidas neste proxecto modificado.

Tendo en conta o orzamento do Proxecto e o seu contido, xa que se trata de obras que non afectan a estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra, a xuízo do técnico que subscribe non é preciso realizar supervisión técnica do Proxecto.

Trátase dunha obra completa, susceptible de ser entregada a uso xeral ou ao servizo correspondente e comprente todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a utilización da obra, de acordo co establecido no artigo 13.3 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

Dodro, xullo 2025
Asdo. Pablo Blanco Ferreiro"

Con data 9 de outubro de 2025 recíbese requirimento do Servizo de Vías e Obras da Deputación solicitando aclaración respecto da representación gráfica do plano de planta para a autorización das obras e permanecendo o resto do proxecto invariable. Con tal motivo, redáctase un novo proxecto modificado de: "CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO", con rexistro de entrada no Concello de Dodro o 27/10/2025 e núm. 202599900000919, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos de Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento de 72.930,39 € (IVE incluído), asinado o 22/10/2025.

Logo de ver informe técnico emitido pola arquitecta municipal, asinado o 30/01/2026, PROPOÑO ao Pleno o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar, aos efectos de participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS 2025" da Deputación Provincial da Coruña, o proxecto modificado de: "CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO", con rexistro de entrada no Concello de Dodro o 27/10/2025 e núm. 202599900000919, redactado por Pablo Blanco Ferreiro, enxeñeiro de camiños, canais e portos de Estudio Técnico Gallego SA, cun orzamento de 72.930,39 € (IVE incluído), asinado o 22/10/2025, e sendo o financiamento do investimento o seguinte:

ACHEGA PROVINCIAL 2024 (Investimentos financeiramente sostibles)	***FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO***

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***			***Orzamento total***
		Achega municipal	***IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)***	***Total Concello***	
CAMIÑO ACCESO A TEAIO POLA CRUZ DE AVELÁN E OUTRO	*72.930,39*	*-*	*-*	*-*	*72.930,39*
Subtotal investimentos achega provincial 2024	*72.930,39*	*-*	*-*	*-*	*72.930,39*

Segundo.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución do investimento, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Terceiro.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento.

Cuarto.- Dar traslado á Deputación Provincial da Coruña para os efectos oportunos

Documento asinado electronicamente
O alcalde,
Francisco Xabier Castro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Vai explicar o portavoz do Partido Socialista de Galicia, porque o volvemos a traer e que modificacións trae."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Vale. Bo día. Como ben dicía o alcalde, este proxecto, fora aprobado para o POS de 2025, o 6 de febreiro do ano pasado, practicamente 1 ano.*

Onde incluía 2 actuacións que eran o Camiño de acceso a Teaio pola Cruz de Abelán e outro. Este outro, era a pavimentación do acceso a Pexegueiro pola parte norte.

Logo de pasar a Patrimonio, este puxo uns inconvenientes de que non se podía pavimentar en aglomerado como estaba proxectado e había que facelo en formigón.

Todo iso, implicaba un aumento de orzamento que o Concello non considerou, de

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

10.662,84 euros, e decidiu modificar ese proxecto incluíndo o aparcadoiro de aquí, da Casa do Concello que está en mal estado, adaptado a ese propio orzamento que temos, que tiñamos.

Solicitáranse as autorizacións ao Servicio de Vías e Obras, da Deputación que pedía aclaración con respecto á representación gráfica do plano. Porque entendían, en principio que estaba na zona da Deputación, na estrada da Deputación. Solventouse ese problema e entón e agora, traémolo aquí para rectificar esta proposta que, bueno, este proxecto que foi tal cual, con esa variación."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz da agrupación política Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, o que acaba de manifestar o voceiro do Partido Socialista, era algo previsible.*

Si se tivera en conta os antecedentes e se tiveran xestionado, as cousas previamente. O único que conseguimos, foi retrasar a aprobación das obras 1 ano. É dicir que as obras que se tiñan que estar xa executadas, no ano 2025, veremos si se empezan no ano 2026. E todo isto, por non fixarse no que xa estaba feito e por non facer as xestións que había que facer, que hai que facer, antes de iniciar os trámites de calquera obra.

Pero ben, nós daquela xa votamos en contra e entón, digamos que a responsabilidade non é soamente súa, senón tamén de todos aqueles que o apoiaron."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Nós, en coherencia co noso voto da aprobación, do ano pasado, en febreiro do ano pasado, no POS 2025, imos a manter o mesmo voto."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bos días. Nós tamén imos a manter o voto favorable.*

A ver, pregaríamos que cando manden proxectos a Patrimonio que sepan que se informen do que se pode facer e o que non se pode facer, nas áreas de de protección, que non é o mesmo que se pode facer no resto da das áreas do Concello. Que se informen un pouco mellor e así, polo menos,non teríamos o problema este, de atrasar esta obra durante 1 ano. Foi esta obra, non todas as obras, evidentemente."

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Bos días.*

Bueno lento, un pouco o que acabamos de ver aquí, non? Vai todo esto, aínda que sexa unha modificación, vai todo un pouco atrasado. É certo que Patrimonio, pois tampouco é dos organismos que vai do máis rápido, pero hai que ter en conta este tipo de obras, tanto por parte dos técnicos, como evidentemente, por parte daquelas persoas que aprobamos e que queríamos que esto, xa estivera en en uso.

Entón nada, a ver se para a próxima vez, non pode... digamos, se pode evitar esto e repetir este tipo de atrasos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Un último turno ao portavoz do Partido Socialista, acábaa de pedir."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si bueno. Agradecer aos partidos o apoio a esta proposta, a esta proposta da alcaldía. E como non, facer destacar ao de Xente de Dodro que vota non, é unha cousa rara, estraña que se vote en contra ás obras propostas nun concello."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Antes de pasar á votación, permitídeme todos que iso, que agradeza a Moncho o que acaba de dicir. A demostración de raciocinio que facemos a maioría dos aquí sentados e que é unha pena que o señor portavoz do agrupación política Xente de Dodro, nesa revisión tan exhaustiva e nese detalle que fai, de estudio de proxectos. Para votar que non, co seu razoamento, non houbera dito no seu día.*

É unha pena que pasase un ano e que vostede, nas súas intervencións tan perfectas e pulcras que ten a ben facer neste Concello, pois non houbera dito iso no primeiro día. Lamentámolo erro que nos corresponde e agradecemos o resto."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

2. APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS 2026

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito literal:

"EXPEDIENTE: 2026/A008/000002
ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026"
TRÁMITE: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Logo de ver as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026" (Boletín Oficial da Provincia número 231, do 2 de decembro de 2025).

Considerando a documentación que consta no expediente, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2026"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2026" e con cargo á "achega provincial 2025":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:

	Deputación

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	10.207,53
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	107.507,42
Subtotal gasto corrente	117.714,95

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2026	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou da subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
MELLORA CAMIÑO DA CRUZ A CRUCE DE TEAIO E OUTROS	73.265,23	-	-	-	73.265,23
MELLORA SEGURIDADE VIARIA ESCOLA ABUÍN A MONTIÑO E OUTRO	71.583,03	-	-	-	71.583,03
Subtotal investimentos achega provincial 2026	144.848,26	-	-	-	144.848,26

ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)	**FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO**				
Denominación da obra ou da subministración	**Deputación**	**Concello**			**Orzamento total**
		Achega municipal	**IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)**	**Total Concello**	
MELLORA ÁREA CAMPO DO BOSQUE	41.399,19	-	-	-	41.399,19
SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN VIARIA CONCELLO DE DODRO	15.546,50	-	-	-	15.546,50
Subtotal investimentos achega provincial 2025	56.945,69	-	-	-	56.945,69

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	10.207,53				10207,53
	Achega 2025	107.507,42				107.507,42
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	144.848,26	-	-	-	144.848,26
	Achega 2025	56.945,69	-	-	-	56.945,69
C- TOTAL	Achega 2026	155.055,79	-	-	-	155.055,79
	Achega 2025	164.453,11	-	-	-	164.453,11
	TOTAL	319.508,90	-	-	-	319.508,90

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA VIARIO REVIXÓS A SUSAVILA E OUTROS	69.624,04	-	69.624,04
MELLORAS NO LAVADOIRO DE CASTRO	31.007,99	-	31.007,99
REPARACIÓNS EN ESCOLA UNITARIA DE TRAXEITO	55.730,35	-	55.730,35
TOTAIS	156.362,38	-	156.362,38

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Documento asinado electronicamente
O alcalde
Francisco Xabier Catro Tourís"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"O portavoz do Partido Socialista, vai a defender o plan que aquí presentamos."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Vale. Este equipo de goberno, ou este grupo municipal de goberno, presenta estas obras, aquí tedes todos a documentación, xa contades vós coa documentación no voso poder.*

Quero subliñar unha cousa aquí, a pesar de que no Concello se solicitou o envío de propostas, por parte dos diferentes grupos políticos, só se achegaron as que se achegaron. Houbo grupos políticos que non presentaron ningunha proposta e, loxicamente, non se tivo en conta nin á hora de negociar nin nada. Xa non se puido negociar porque non houbo, nin unha soa proposta dalgún grupo político.

E bueno. Con todo iso, vedes aí, na proposta da alcaldía,que no que hai que destacar e se deixa para gastos correntes 117.714,95 euros. Logo se divide, nunha achega provincial do 2026 e outra do 2025.

Bueno, simplemente para dicir, a nivel global, o que entra na achega provincial

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

do 2026, é a Mellora do camiño da Cruz a cruce de Teaio e outros e a Mellora da seguridade viaria da escola Abuín a Montiño e outro, por importe de 144.448,00 euros.

Tanto unha actuación, como a outra é digamos, prolongar unha segunda fase que non tivo cabida nos POS 2025. Esta de Teaio, do camiño de Teaio, e a Mellora da seguridade viaria da escola Abuín de Tembra, da escola Abuín de Tembra ao Montiño que vén sendo, a parte de abaixo, a que sae da escola, para completar ambas actuacións.

Logo, bueno, tamén está a Entrada de Teaio e na primeira, nesa, a mellora da entrada de Teaio que, vén sendo tamén unha prolongación desa carretera e logo esta aquí comprende tamén unha actuación nova: a Mellora do camiño de acceso á nave do Concello que utilizan, sobre todo, os vehículos municipais e o acceso á nave que consideramos que debía de terse en conta á hora de acondicionala.

Logo hai un uns segundos proxectos, como son a Mellora da seguridade, xa o dixen, a Mellora da seguridade da escola Abuín de Tembra ao Montiño e outros, onde está a pavimentación da Eira de Teaio que tamén acordamos aquí nun pleno polo tema das Cantareiras que entendemos que había que buscar algo, para destacar o das Cantareiras de Teaio e ben podía ser, acondicionar esta eira e logo renomeala con ese nome. Pero bueno, ese xa será máis para diante. Nós agora considerámola para evitar a ocupación, a ocupación desa eira, pavimentala.

Está despois, a Mellora da área do Campo do Bosque, a mellora do Campo do Bosque, onde vemos que a balaustrada que está podrida e todo, o que pode causar un montón de danos a calquera, a un rapaz ou unha persoa maior e todo iso, dá un aspecto non moi bo. Entón, os elementos do parques infantís se van a mellorar, se substitúen por dous novos, dous xogos novos e tamén a eliminación daquelas farolas que están mais ben decorativas, pasan a ser catro, de catro farolas para iluminar aquilo.

Logo está a subministración e a instalación da Sinalización viaria do concello de Dodro, onde aquí, sobre todo, son sinais de stop, porque vemos que nas pistas municipais carecen, ou foron roubadas, podo dicir roubadas, porque, unhas quedan o poste ou sitio, co que hai que prestar especial atención á seguridade, porque se non hai stop, nin cruce nin nada, cada un tira polo seu lado e logo veñen os problemas e a responsabilidade ao Concello. Entón, decidimos iso. A primeira intención,era levar a sinalización a outras vías, á vía da AXI da AC-305, a da DP-3302 e DP-3301, pero non se puido, porque resulta que onde se van a instalar, onde se ían a instalar eses postes, non son de titularidade municipal, son deses organismos, son propiedade deses organismos. Bueno, iso no quere dicir que nos olvidemos deles, porque haberá que reclamarlle, tanto á Xunta como á Deputación, que coloquen, polo menos, os sinais de poboación , igual que fixeron noutros concellos limítrofes que están coa normativa oficial e non a sinalización que temos neste, que xa está antiga e todo iso. Iso é no referente ao primeiro, ao POS normal.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Temos o Complementario, baixo o título Mellora de viario de Revixós-Susavila e outros. Aquí son varias actuacións, onde, como dicía antes, son un pouco prolongar as que non se puideron levar a cabo no 2025, como a Mellora do cruce da Veiga de Eiro a Fontán, un trozo que quedaba aí. E logo tamén a Mellora do acceso pola parte norte de Manselle, que era do Valo, hacia o propio Manselle e a pista do cal hacia abaixo ao cruce de Manselle, que tamén quedaba ese trozo sen facer. E logo están como novos a Mellora do viario de Revixós a Susavila que, bueno, ten falta e todo iso. Hai máis, hai máis faltas arredor desa aldea, pero bueno. E logo está a Mellora do camiño do Campo a pistas deportivas de Lestrobe, aí tamén había unha zona e unha parcela que, en principio, queríamos meter de aparcadoiro, pero bueno, o mismo que dicía antes, non é de titularidade, non consta en ningún sitio que sexa de titularidade municipal e nós non podemos, non podemos actuar en terreos que non son de titularidade municipal. Non como fixeron, como fixo un anterior alcalde que instala o parque infantil en terrenos que non son do Concello e agora os problemas veñen así. Logo tamén está o Lavadoiro de Castro que tamén é importante a actuación, está deteriorado, o aspecto visual. E logo, está alí moi preto do hórreo da Miguensa, consideramos que se debe levar a cabo e facer esa actuación. Por último, temos a reparación do que era a escola unitaria de Traxeito, que tamén a queremos incluír niso.

En principio, niso..., no Complementario, optamos por este importe de 156.362,38 euros, pero... Vamos a ver, o Complementario son actuacións que en principio se programan, pero logo se poden substituír. Que non nos queríamos quedar curtos, pero tampouco nos queríamos sobrepasar, segundo as directrices que marca a o plan e esa é a forma, este é o que queremos levar, a que propoñemos para a aprobación."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben. Portavoz da agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Ben. Dicir, en primeiro lugar que non recordo que, terme invitado, ou termos invitado, para facer propostas de, para o POS. En todo caso, nós temos un programa electoral, pódense remitir a el para atopar alí, as obras que atopamos máis prioritarias.*

Estas son as súas prioridades, son as súas prioridades e máis de todos os demais partidos que lle están prestando, día si día non, o seu apoio. As nosas non son e entendemos que tampouco son as prioridades dos nosos veciños de Dodro. E polo tanto, tampouco imos apoiar nesta ocasión, estas estas propostas. Máis, tendo en conta, o que acaba de acontecer, é dicir que, presentan un proxecto que resulta que non cumple cas... cos requisitos de Patrimonio.

Un proxecto que, despois de ter aquí dous arquitectos e unha empresa que lle fai os proxectos. Bueno, pois, con eses antecedentes e os antecedentes na elaboración do proxecto. E despois temos os antecedentes na elaboración das obras, non hai mais que ver a senda peonil das Brañas, tremenda senda... Bueno,

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

era das bicicletas non? Era para as bicicletas, non? Si, si. Non hai máis que ver o que levan, o que levan feito.

Sobre as lecciónes que da aquí o señor Abuín, iso de que non, de que se fixeron parques infantiles en parcelas que non eran do concello de Dodro. Non ten porque ser do concello de Dodro, porque pa iso están os permisos, as autorizacións... Aí si que había informes xurídicos, como corresponde e había informes técnicos, como corresponde.

O que si, estamos agardando e o construtor tamén está agardando, é a que se lle pague o parque infantil da Aldea da Devesa e a que nos enseñe, vostede, o permiso e o informe xurídico que permite instalar un parque infantil na Devesa. iso si estamos esperando. Recordo a vostede en plena campaña das últimas eleccións, como deprisa e correndo, se instalou alí un parque infantil, na Devesa; iso si, despois ao construtor díxolle, non, non, a factura vai de volta. Despois de metela no rexistro a factura vai de volta.

Pero bueno, para iso teñen vostedes un xurídico e un técnico que lles informa sempre favorablemente, fagan o que fagan vostedes.

Pois nesta ocasión, tendo os antecedentes que teñen vostedes, tanto na execución como da elaboración dos proxectos. Tendo en conta, as prioridades que necesitan os veciños de Dodro neste momento, pois nos non imos apoialos."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moi ben."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Esto porque sería...."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Unha vez máis apoiar a corrupción..."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"De este goberno."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Xa, xa, non pensábamos menos de vostede. Portavoz do Partido Popular, por favor."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Como xa ben sendo costume, enterámonos antes polas redes sociais de Unidade Veciñal, na maioría das obras que inclúen neste POS. Obras que, segundo eles mesmos din, foron solicitadas por ese grupo municipal. Debe de ser que vostedes gobernan tan só para os votantes de Unidade Veciñal, en vez de gobernar para toda a veciñanza.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Todas as obras son necesarias, estas e outras moitas, botamos de menos, por exemplo, máis inversión na Escola de Traxeito, dado o estado no que se atopa. Ou intervencións noutras pistas municipais, con máis necesidade de arranxo e que ademais beneficiarían a máis veciños, xa que algunhas das pistas que inclúen neste POS, tan só benefician a unha o dúas vivendas.

Esta é a súa proposta, xunto con Unidade Veciñal e posiblemente, tamén co BNG, polo que xa terán os apoios necesarios para aprobalo, in extremis, como sempre. Sempre o último día para que a oposición non poida presentar emendas, ou outro tipo de propostas, Así que, o noso grupo, non está en contra de facer estas obras, pero consideramos que hai outras igual ou máis necesarias e que responden ao interese xeral da veciñanza."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Si. Bueno, eu ás veces, tamén quedo parvo, porque acabo de escoitar aquí a un político rebater un informe xurídico, o sea que non está de acordo con el. A un político, en fin.*

Bueno, o que iba, o que iba, o que íamos a dicir que estamos de acordo cos gastos correntes, desde logo e o que vamos a dicir, é as obras que, cando se nos solicitou o voto, como hai unha negociación política, o normal é solicitar o voto das agrupacións que o goberno estime conveniente. Se nos chaman a nós e non chaman o Partido Popular, pois non... é problema deles, iso nós...

Bueno, nós solicitamos, xa viñamos solicitando xa desde o ano, desde o POS do 25, a mellora do camiño da Cruz de Abelán a Teaio que, agora con este POS 2026, estará feito e contratado todo, casi o mesmo tempo, porque queda a do 25 e máis a do este ano e quedaría, quedaría todo trazado feito. A ver si pode ser este ano, porque bueno, co retraso que levan... en fin. iso foi unha das que fixemos nós tamén, unha das que pedimos, foi xa o ano pasado tamén, foi a mellora da seguridade vial desde a escola Abuín de Tembra á Igrexa de Imo, unha senda para que a xente non teña que ir pola carretera hasta a iglesia.

E tamén, iría, esta sería a segunda fase, do que aprobamos no ano 2025 e esperemos tamén que este ano estea feita xa.

Tamén lle solicitamos a mellora da rúa da Congostra en Vigo, está foi unha solicitude que fixemos nós. Tamén a área recreativa do Bosque, foi tamén unha solicitude nosa. Esto non quere dicir que moitas destas solicitudes, coincidan ao mellor con outros grupos políticos que, se ve claramente que hai que arranxalo, ao mellor coincidía con outra xente tamén, de doutros partidos políticos.

Bueno a Recreativa do Bosque, xa fixemos tamén en 2025, esta petición daquela non entrou, bueno pois, entra agora.

E despois, dentro do plan complementario, pois iso, faise, remátase o acceso

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

norte á Manselle e máis a pista do Coal hasta Manselle norte que sería, unirían as dúas co POS 25, Manselle en Manselle.

Evidentemente, tamén o ano pasado que non foi posible, xa pediramos tamén,o lavadoiro de Castro, era o único lavadoiro en todo o Concello que non estaba rehabilitado e era unha pena, era un..., alí case en frente ao Hórreo do Arco, era unha mostra de feísmo que non o merecían, nin os de Castro nin o concello de Dodro.

E bueno e fariamos unha petición que a poder ser que non tardaran moito, que non tardaran anos en licitarse as obras, canto antes se licite mellor. Imos a votar a favor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. Bueno un pouco na mesma liña que antes, non?*

Que a veciñanza, pois á que lle escoitamos e propoñemos neste pleno as achegas do BNG, aínda non saben cando verán a realidade as propostas de arranxo de lavadoiros, camiños en quente... É dicir, o que levamos proposto e que trouxemos aquí ao pleno, non? Froito do traballo que se fai desde o BNG, desde a oposición ou desde o goberno.

O rural que defendemos, e para o que temos propostas e solucións que lle toca desenvolver a este goberno en minoría, pero que esperan os veciños que non haxa tanta tanta demora, non? Non sei, a que xa que hai demora, pois non coma a dos almanaques, non? Que sexa unha unha demora, en fin, crible de tódolos xeitos, a nós agradécenos, agradecemos, quero dicir que se teñan en conta as propostas que trouxemos ao pleno que se votaron a favor. Bueno, hai xente que non vota a favor nunca e despois critica, non... Di que ten un programa electoral, pero non... Queda alí a durmindo o soño dos xustos e vén aquí e colle o micrófono, como se fóra un cantante da televisión. Eu creo que iso non é, desde logo facer política que dorme o soño dos xustos e vén aquí coma se fora un cantante da televisión e eu creo que iso non é facer facer política.

A min gustaríame ter moitas máis cartos, moitas máis obras, porque Dodro, debe de ser un dos concellos da comarca que máis viarios ten.

Agradecemos enormemente que se empece coa proposta do do BNG, de ter en conta a sinalización que hai que seguir metendo máis cartos no que é a sinalización, ben sexa na AXI, ben sexa a través da da Deputación. E parécenos que a as propostas, poderían ser do BNG doutra maneira, podería ser unha planificación doutra maneira. Teremos, nós temos unha unha unha planificación que non coincida ao mellor co equipo de goberno, pero non cabe dúbida de que todo isto, vai en favor, tanto dos veciños de Traxeito como do lavadoiro que cando pediamos nós, os camiños que se asfaltan en quente.

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Eu non quería desaproveitar a ocasión tamén, porque ler 68 expedientes, por parte dos técnicos, tamén che ten o seu mérito. Eu creo que hai que hai que agradecer e non entorpecer o traballo. Que ás veces que se cometen fallos, claro que se cometen fallos, todo o mundo cometemos fallos, pero non pasa nada en recoñecelos.

O dito, vamos a apoiar e esperamos, como os veciños que, canto antes se desenvolvan estas obras mellor."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Un turno ao portavoz do Partido Socialista."*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Si. Bueno un pouco contestarlle aos diferentes voceiros.*

Dicirlle ao voceiro da agrupación política de XD que nos criterios do POS, marcan si o terreno é titularidade do Concello ou non. Se usted, xa sei que usted sabe de todo, usted é un xurista, sabe de todo, poñeríalle que si, cando cando era non, no que é cesión e todo. Non, aquí ten que ser titular o Concello ou non.

Ao PP, lembrarlle que nun pleno o alcalde convidouna, convidou ao PP a que presentarán algunha proposta. O que pasa é que, os acordos do pleno se non se escoitan, ou se non se ven e tal, pois... así. Así o dixo, as palabras de Xabier Castro dicíndolle que presentarán propostas. E claro, é a nosa proposta, claro que si. Estas son as obras que consideramos que hai, iso non quere dicir que non haxa más obras necesarias, actuacións necesarias que haxa que facer.

Ao voceiro da Unidad Veciñal de Dodro, pois si, vostedes solicitan, o que pasa é, curiosamente, a coincidencia tamén existe, pero bueno, a proposta é do grupo de goberno. E bueno, o de tardar a licitación, haberá que seguir os trámites administrativos correspondentes e canto antes, cando se poidan levar, eu son o primeiro interesado en que se saquen adiante.

Ao do BNG, dicirlle que bueno, son propostas, algunhas propostas si que fixo e tal. Os pavimentados, se ve aquí, salvo un que é de formigón os outros son aglomerados en quente, e, bueno, seguro que hai máis necesidades noutros sitios, pero bueno, ímolo ver.

E iso na máis. Agradecemos, que salga adiante a proposta."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Pois unha cousiña a máis tamén, pois reiterar, reiterar á portavoz do Partido Popular que pode enviar a esta alcaldía, por sede electrónica ou calquera documento, sabendo que o POS do ano 2027, o POS do ano 2027, aínda estaremos todos aquí, nesta corporación municipal, pois agradecerlle que, se ten algunha proposta distinta que facer que nola pode achegar de calquera maneira. Non se trata... nós podémola mandar a redactar, a estudar e discutiríamola, evidentemente, como facemos cas outras*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

propostas.

Ao portavoz de Unidade Veciñal, simplemente dicirlle que non me vou a ler o seu programa porque, evidentemente, non foi o elixido."

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Xente de Dodro."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Ah, perdón, discúlpeme."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"O noso tamén o pode ler."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Disculpa, o voso xa se ve que o lemos, porque coincidimos bastante polo que parece.*

Bueno dito isto, ao portavoz de Xente de Dodro, que non me vou ler o seu programa e queda evidente, porque, non parece que vostede tampouco o le, porque se o lera con certa frecuencia, igual traía algunha proposta aquí, máis que a negativa por resposta, non?

Despois, máis inversión en Traxeito que é unha das condicións que poñía a voceira do Partido Popular. Pois mire, aquí no proxecto van 55.000 euros que, de 164.000 que é o que temos para dármonos conta que as inversións que fai o concello de Dodro, que parece que o concello de Dodro ten unha máquina de facer cartos, son as que nos concede a Deputación da Coruña, cos criterios do POS. Primeiro, o que temos para invertir en obras en servizos e todo. Unha parte importante, como xa dixemos aquí, vaise en financiamiento de gastos correntes que son necesarios e imprescindibles, para o funcionamento do concello. E outra parte, bueno, vaise en inversión.

Discutimos todo, vemos todo moito, estamos facendo obras, asfaltando en quente, como moi ben solicitaba tamén o portavoz do BNG, para facer máis duradeiras as pistas. Evidentemente, ao ser asfaltados en quente, redúcese o número de metros cuadrados, porque os cartos son os que son e dan para o que dan.

Temos un proxecto na escola de Lestrobe, de case 100.000 euros, tamén para mellorala. Temos moitos proxectos, este grupo de goberno, está traballando máis do que parece. Evidentemente, para poder traelos aquí e sacalos adiante, hai que discutilos e hai que conseguir os votos e aí é onde, bueno, cada un expresa as súas prioridades, as súas necesidades, se chegamos a un acordo, en caso de chegar é o que traemos aquí, finalmente, non? Eu, xa digo, propóñolle tamén á portavoz do Partido Popular que nos traia algunha proposta máis, algunha pista máis centrada. Porque efectivamente, hai algunha pista que moi ben di vostede que se, que só hai poucos veciños que se van a aproveitar da mellora, pero bueno eses veciños tamén teñen dereito, tamén o pediron e nós tamén temos o deber de atendelos, non?

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Dígoo, porque non é fácil, somos un concello con moitas entidades de poboación, moitas aldeiñas pequenas e que, se nos tocase a lotería, por dicir así, 2 millóns de euros ou 3 millóns de euros, igual facíamos todo en quente, con todas as señalizacións e todo quedaría empatenado un día para outro. Pero non é o caso. Entón as prioridades nós discutimolas, chegamos a uns acordos e traemos aquí o que traemos.

Agradezo a sensatez de todos e xa digo, volvo a poñerme en disposición para discutir algún tema puntual, pero a proposta, vén sendo un folio dirixido ao alcalde para incluír unha obra no POS e a partir de aí, vamos a votar e espero que este POS, co prezo que ten para o concello de Dodro, saia adiante."

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 2
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 2
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

3. ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026

Procédese co seguinte punto da orde do día, que a seguir se transcribe de xeito

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

literal:

"EXPTE.: 2026/G006/000037
EXPTE. inicial:2026/G015/000001
ASUNTO: ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026"
TRÁMITE: PROPOSTA DE ACORDO AO PLENO

Logo de ver a memoria asinada en data 28/01/2026 pola concelleira de Servizos, Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais que se transcribe:

"EXPTE: *2026/G015/000001*
ASUNTO: *ESTABLECEMENTO PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026"*
TRÁMITE: *MEMORIA*

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto realizar a actividade "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026" sobre a base das seguintes consideracións:

1. DENOMINACIÓN E PRESENTACIÓN.

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais do Concello de Dodro, ten previsto
realizar a actividade "FIN DE SEMANA DE MULLERES 2026", que ten por obxecto crear un espazo de reflexión, sensibilización e de transmisión de valores sobre igualdade e loita contra violencia de xénero, mediante charlas ou obradoiros específicos, así como de xeito transversal.

Para potenciar espazos de intercambio, realizaranse una serie de talleres, charlas ou obradoiros coa intención de afondar na temática, destinado a mulleres maiores de idade. O formato da actividade está baseado na interacción, o intercambio e a conversa grupal conxunta, nun espazo de desconexión lonxe dos fogares e con actividades complementarias de ocio de calidade. Trátase de tomar conciencia e capacidade crítica sobre as desigualdades sociais entre mulleres e homes.

2. OBXECTIVOS

Entre os obxectivos destacan:

- *Visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero.*
- *Propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementando o seu benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade en xeral.*
- *Reflexionar sobre a violencia de xénero e como erradicala.*
- *Fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo de ocio lúdico e de calidade.*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

3. PERSOAS DESTINATARIAS

Está dirixido a 54 mulleres maiores de 18 anos (cumpridos á data de inicio da actividade), con carácter preferente as empadroadas no Concello de Dodro, máis 1 persoa acompañante por parte do Concello. No caso de existir prazas libres, poderán asistir aquelas que sexan residentes en Dodro ou desempeñen o seu traballo en Dodro, independentemente do empadroamento.

4. CONTIDOS

A actividade consistirá na saída desde o Concello cara a Residencia de Tempo Libre de Panxón o venres día 29 de maio de 2026, aloxamento en réxime de pensión completa (dende xantar do venres ao almorzo do domingo) e con regreso ao punto de partida o domingo día 31 de maio, con chegada prevista a Dodro ao mediodía.

Realizarase unha contratación de empresa externa que se encargue do monitorado, do desenrolo das actividades de carácter formativo, lúdico/práctico e ocio/cultural de interese, así como do desprazamento e dos seguros correspondentes para a realización da actividade, estimándose un custo de 3.957,5€ para tal fin.

Por causas xustificadas poderá modificarse a data de realización da actividade.

5. LUGAR E DATAS

Prevese realizar a actividade dos días 29 ao 31 de maio de 2026, na Residencia de Tempo Libre de Panxón, solicitada polo Concello de Dodro.

6. ORZAMENTO

O prezo incluirá:

- *Aloxamento de 2 noites en réxime de pensión completa con limpeza engadida para 55 persoas na Residencia de Tempo Libre de Panxón.*
- *Contratación de empresa externa que se encargue do monitorado, do desenrolo das actividades de carácter formativo, lúdico/práctico e ocio/cultural de interese, así como do desprazamento e dos seguros correspondentes.*

Conforme ao disposto no artigo 4.1 da ordenanza número 22 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís, e outras actividades de carácter deportivo, lúdico popular e socio culturais organizadas polo Concello, proporciónanse os datos necesarios para a adopción do correspondente acordo de fixación do prezo público do Concello de Dodro e que son os seguintes:

Para unha estimación de 54 persoas participantes na actividade, máis 1 persoa acompañante; os custos que se incorren son os seguintes:

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

*Segundo a circular pola que se regula o uso de Residencias de tempo libre da Consellería de Política Social e Igualdade para a adxudicación de estadías fóra do programa adicado ás familias, O orzamento da Residencia de Tempo Libre de Panxón, ascende a **6.597,5€**, para 55 participantes:*

RESIDENCIA DE TEMPO LIBRE DE PANXÓN, EN RÉXIME DE PENSIÓN COMPLETA OS DÍAS 29,30 E 31 DE MAIO	
55 PERSOAS (48€/persoa)	*2.640,00 €*
CONTRATACIÓN DE EMPRESA EXTERNA	
Monitorado para actividades de carácter formativo, lúdico/práctico e ocio/cultural, así como desprazamento e seguros	*3.957,5€*

*Asemade, os ingresos estimados para un prezo de **25,00 €** por persoa participante, son:*

Prezo público proposto	*Número de participantes*	*Ingreso total:*
25,00€/persoa participante	*55*	*1.375,00 €*

- *Gastos estimados: 6.597,50 €*
- *Ingresos estimados: 1.375,00 €*

O prezo público non cubre a totalidade do gasto do servizo se ben, de acordo co establecido no artigo 4.2 da Ordenanza núm. 22 citada cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, poderanse fixar prezos por debaixo do custo do servizo.

*O custo xerado para o Concello, non cuberto polo prezo público, será de **5.222,5€**, se ben tratándose no presente caso dun servizo que se presta por razóns culturais e de interese público, cuxos obxectivos son: visibilizar a importancia da muller na sociedade e previr a violencia de xénero; propiciar a ocupación activa do tempo de lecer das mulleres, transformando este nun tempo creativo útil, incrementando o seu benestar psicosocial, así como a participación na súa contorna e na sociedade en xeral; reflexionar sobre a violencia de xénero e como erradicala; fomentar momentos de desconexión da monotonía da vida diaria das mulleres, proporcionando un espazo de ocio lúdico e de calidade, no orzamento municipal prevese dotación suficiente para atender a diferencia resultante e garantir o financiamento do servizo.*

Documento asinado dixitalmente.
María Teresa Batalla Romero, Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións veciñais."

Emitido informe por Secretaría-intervención con data 28/01/2026, e considerando a competencia que corresponde ao Pleno da Corporación de acordo co disposto

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

no artigo 47 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das bases do réxime local,

PROPOÑO a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o establecemento do prezo público pola realización da actividade "Fin de semana de mulleres 2026" de 25,00 € por persoa.

SEGUNDO.- Publicar o acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello así como no Boletín Oficial da provincia da Coruña.

TERCEIRO.- Dar conta á Tesourería municipal e ao departamento responsable.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde accidental, Ramón Abuín Gómez (Res. Alcaldía núm. 24/2026 de 23/01/2026)"

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de agrupación política de Xente de Dodro."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Bueno, dicía o señor Castro que non teñen unha máquina de facer cartos. No, no, teñen unha máquina, pero unha máquina de malgastar os cartos, esa é a máquina que teñen aquí vostedes.*

Di o señor Castro que teñen moitos proxectos e que están traballando continuamente. Pois non sei, onde quedou o a depuradora de Dodriño, señor Castro? Que aquelo era prioridade de vostede, de Unidade Veciñal... Onde quedou a senda de Laíño a Tallós, señor Castro? A casa de Lestrobe, tres anos pensando, primeiro a compra e despois ponse a pensar. Interesante. Onde quedou aquelo de municipalizar o SAF?, que dicían vostedes que ían a facer, que había que facelo. Falan vostedes da auga."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Estamos falando dun prezo público."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Pero non se acordan vostedes da municipalización do SAF."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Espera escoite, señor Alfonsín, por favor. Señor Alfonsín, por favor. Estamos falando dun prezo público, isto non é rogos e preguntas, entón."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sete anos."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor, señor Alfonsín."*

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Sete anos para desarrollar."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Por favor señor Alfonsín, non me interrumpa. Por favor, señor Alfonsín."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Estame interrumpindo vostede."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Non, non. Estou facendo uso do regulamento. Os turnos de resposta e de réplica, son para falar do que estamos falando aquí. E estamos falando dunha imposición dun prezo público, sobre o fin de semana de mulleres. Esto non é un pleno ordinario para que vostede fale do que queira. Si ten algo que dicir sobre este asunto, dígao e si non, pois limítese a marcharse porque ao mellor, é o que nos conviña a todos, vale?"*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Direille que isto non é o turno de réplica, esto é un turno de intervención, non é réplica, léase vostede o regulamento, porque, a ver si distingue entre a réplica, porque vostede non dá, concede réplicas e distingue turnos de intervención, iso é básico, iso é básico. Vale? Entón, a intervención, cada quen fundamenta como queira. Vale? iso tamén é básico, vale? E como continuaba."*

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Agotou vostede o primeiro minuto."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Como estaba a falar, sete anos para desarrollar o acceso ao polígono de Fesba; iso é, iso son vostedes, iso son vostedes. E veñen agora co prezo público. Bueno, a reiterar o que xa se reiterou noutras ocasións, esta actividade, téñaa vostede, póñenlle prezo porque queren. Porque malgastan os cartos noutra cousa, cando esta actividade podía ser gratuíta."*

Valentín Alfonsín Somoza, voceiro de Xente de Dodro: *"Portavoz de Partido Popular de Dodro."*

María Soledad Boga Grela, voceira do Partido Popular: *"Si. Outro ano máis, pretenden cobrar por unha actividade, a do fin de semana de mulleres, unha actividade que ben xestionada, podería ser subvencionada pola Xunta de Galicia, como xa foi moitos anos. É que vostede prefiren cobrarlle á veciñanza, perden ano tras ano cartos de subvencións, por non xestionalas, ou por non xustificalas, ou porque non son capaces de gastalas, como no último, na última de servizos sociais que dixeron que, bueno, que habían pedido moito e que non deron gastado e que había que devolvelas.*

Alegrámonos, polo menos que nos fixeran caso e que incrementaran os participantes, de 40 a 54 que é algo que lle viñamos pedindo durante todos estos

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

anos. Pero, chámanos moito a atención que este ano, a estancia sae moito máis barato, porque bueno, van a unha residencia de tempo libre da Xunta de Galicia, este ano costa poucos cartos. Pero, en contrapartida, incrementan considerablemente os gastos de monitorado e desplazamento, cousa que non nos cadra.

O ano pasado, o monitorado custou 866 euros e o autobús 700 e este ano, os gastos ascenden a case 4.000 euros, para a mesma fin de semana, o mesmo monitorado e o autobús para ir a Panxón. Algo que realmente non nos coincide. A que se debe ese incremento tan considerable? É para compensar o que aforran na residencia?, ou para que é?

Porque son, bueno é o 75% máis de cartos, son 4.000 euros para dous monitores e un autobús que nos levan a Panxón. Se nolo pode explicar, agradecémosllo."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz de Unidade Veciñal."*

Xoán Xosé Vicente Franco, voceiro de Unidade Veciñal: *"Bueno, aquí coincidimos co Partido Popular que bueno que nós tamén pedimos, o ano pasado que se subiran a 55 que son as plazas do autobús en vez de 40.*

E bueno, tamén nós chamou a atención que este ano, ao concello cústalle 5.222 euros, 55 persoas e o ano pasado, custoulle 7.066 a 40 persoas. A ver, si nos poden explicar tamén, está baixa aquí. Porque bueno, aínda subindo o tema do monitorado, a cousa parécenos moi barato. Non sei, esperemos que non teñan que durmir as mulleres en liteiras e lle dean de comer bocadillo porque, a ver se nos poden explicar esta baixa tan considerable."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Portavoz do Bloque Nacionalista Galego."*

Xoán Bautista Mariño Abuín, voceiro de Bloque Nacionalista Galego: *"Si. A ver, neste punto xa creo que teño, temos expresado desde o BNG que, levamos facendo no concello de Dodro, esta actividade desde hai o mellor, pois non sei, 10 anos ou máis.*

Eu creo que é hora tamén xa, de buscar algún tipo de de innovación, máis alá de que o prezo da vida, entendo eu que que sobe, debido a estas alzas que vemos no transporte e no monitorado. Supoño que nolo explicará agora, o señor alcalde. Pero tampouco, non sei, chámame a atención que sempre diga o Partido Popular que hai moitas subvencións que hai moito apoio, por parte de da Xunta de Galiza, cando nós aquí, no concello de Dodro, brilla pola súa ausencia, a participación que ten tanto nisto, coma coma, eu que sei pois, na depuradora que está entre Vigo e Dodriño que levamos desde o BNG reclamando, desde hai case 10 anos e aí está. Entón poderosisimamente a atención, me chama que o Partido Popular que diga que a Xunta fai e acontece, pero debe de ser noutros concellos e non en Dodro."

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Moitas gracias. Queres facer unha intervención máis, Moncho?"*

Ramón Abuín Gómez, voceiro do Partido Socialista: *"Bueno, simplemente son comentarios que, para algún voceiro para ir a Santiago hai que dar a volta por Roma. Porque iso é o que busca, falar de cousas que non vén o conto.*

E á voceira do PP, claro, debe de pensar que aquí é unha fábrica de cartos, non entra todo nas subvencións, esas nas que non entraba esta concretamente, esta actividade non entra, senón, claro, que seríamos tontos en devolver os cartos, se entrase esta actividade nesa subvención."

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís: *"Bueno. Eu antes de pasar á votación decirlles que efectivamente, e como moi ben debería saber a concelleira de... a que, si, a concelleira do Partido Popular, voceira e ex- concelleira de servicios sociais, as condicións das solicitudes de subvencións, cambian ano tras ano.*

Entón esta, esta actividade, tal e como se ten feito no concello de Dodro que é para todas as mulleres do concello que queiran ir, non ten cabida nas actuales condicións da subvención, xa llo dixemos o ano pasado e repetímosllo hoxe. Por favor, enténdaas, revise esas cousas que si o facemos, tal e como se admite na subvención e cumplimos a lei, das mulleres de Dodro irían tres e repítollo que o revise, por favor, polo miúdo.

Segundo, sobre o tema do gasto. Bueno, pois son dous días completos e os gastos están feitos, tendo en conta os precios actuais. Efectivamente o monitorado, canto mellor é a calidade do monitorado, a veces máis caro sae, non?

E entón aínda así, tamén me chama a atención que alguén se queixe de que gastamos os cartos e de que pedimos colaboración, cando parece que queda claro que o presuposto do concello de Dodro, dá para o que dá e non se pode estirar máis do que temos, non?

É unha actividade que se segue mantendo. Que se fai un esforzo importante, por parte do erario público. E bueno, traeremos aquí as contas a posterior e responderemos ás preguntas que consideren vostedes no pleno ordinario, non?

En principio, a actividade, está elaborada polos técnicos. Nós vamos a apoiala, nos parece que debemos facela, nos parece que é unha boa idea, intentar aforrar nunha cousa para gastar noutra, veremos a ver como nos sae.

Aquí nadie é perfecto e bueno, pois admitimos críticas, pero vamos a, en principio eu confío nos Servizos Sociais, confío na concelleira de Servizos Sociais que deseñaron esta actividade e confío en que isto sexa o mellor para as mulleres de Dodro que van asistir a esta actividade, non?

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

CONCELLO DE DODRO

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

Me parece que, efectivamente aumentamos a todo o que podemos a cabida de xente e posiblemente melloremos no monitorado, bueno pois sería o seu, non?

Hai máis cousas tamén, pero bueno, había que entrar polo miúdo e xa digo, ás preguntas estas, responderanse unha vez pasada á actividade. Se vos parece, procedemos á votación.”

Procédese á votación

Votacións:
Votos a favor: 6
1 BNG
0 PP
3 PSdeG-PSOE
2 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Votos en contra: 4
0 BNG
2 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
2 Xente de Dodro

Abstencións: 0
0 BNG
0 PP
0 PSdeG-PSOE
0 Unidade Veciñal de Dodro
0 Xente de Dodro

Resultado: Maioría absoluta

Estado da Acta: Aprobada

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria acorda por maioría absoluta dos concelleiros e concelleiras a adopción de dito acordo.

Ás 12:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente
A secretaria-interventora, Sandra María García Chenlo
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/

Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

FIRMADO POR SANDRA MARIA GARCIA CHENLO (FECHA: 11/05/2026 11:36:00) , Francisco Xabier Castro Tourís (FECHA: 11/05/2026 12:40:00)
Versión imprimible
CVD: nUh6LVPM2DQWB6JcZJ4L Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.dodro.gal/